

Nome _____ Data _____


REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A **atmosfera** é a capa de gases da Terra. Está divida en varias **capas**.

1 Explica que é a atmosfera e por que é importante para a vida.

2 Sitúa correctamente as capas que forman a atmosfera.

- A. Troposfera
- B. Estratosfera
- C. Capas exteriores



3 Completa o texto.

A _____ é a capa máis próxima á Terra. Nela prodúcense os _____ atmosféricos.

Na _____ atópase a capa de _____, un gas que nos protexe dos raios solares prexudiciais para os _____.

Máis alá dos 50 km de altura, hai outras capas ata chegar ao _____.

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Para coñecer o **tempo atmosférico** dun lugar hai que saber como son as temperaturas, as precipitacións e o vento.

1 Identifica na fotografía os fenómenos atmosféricos que aparecen.



2 Que é o tempo atmosférico?

3 Completa as oracións.

O termómetro...

O anemómetro...

O pluviómetro...

O catavento...

... indica a dirección do vento.

... mide as precipitacións.

... mide a velocidade do vento.

... mide a temperatura do aire.

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A Terra ten **climas** moi diferentes segundo a proximidade ao ecuador, a altura e a distancia ao mar.

Os climas da Terra pódense clasificar en tres grupos: **cálidos**, **temperados** e **fríos**.

1 Que é o clima?

2 Que factores fan que na Terra existan distintos tipos de climas?

3 Relaciona as dúas columnas.

Climas cálidos

Arredor dos polos Norte e Sur

Climas fríos

Entre a zona cálida e as dúas frías

Climas temperados

Arredor do ecuador

4 Sinala as características e o tipo de vexetación dos climas da Terra.

	Características	Tipo de vexetación
Climas cálidos		
Climas fríos		
Climas temperados		